

# MALTRATO ENTRE IGUAIS

Programa de sensibilización sobre o  
maltrato entre iguais

# AS RELACIÓNS ENTRE IGUAIS

- Os iguais: Ámbito de socialización básico, xunto coa familia.
- Facilitan aprendizaxe de habilidades e actitudes persoais e sociais (cooperación, empatía, desenvolvemento emocional e cognitivo,...).
- Familia e Profesorado: Papel decisivo no establecemento das pautas de relación dos rapaces. Debemos ocuparnos deses comportamentos, previndo conductas inadecuadas ou contrarias á convivencia.
- Reflexión: Ter amigos e compañeiros que te queren e respectan é do mellor que nos acontece segundo imos medrando. Pero nalgúns casos danse situacións incómodas, non sempre explícitas, como o *MALTRATO ENTRE IGUAIS*.

# ¿QUÉ É O MALTRATO ENTRE IGUAIS?



- Un (ou varios) ataca, amola, insulta, acosa, ameaza, abusa, exclúe,... a outro de maneira reiterada para causarlle dano ou medo, aproveitándose dunha situación de indefensión da vítima, que non provoca ao agresor nin sabe ou pode defenderse

# SITUACIÓN DE MALTRATO

- 1. Conduta agresiva con intención de facer dano.
- 2. Conduta habitual e repetitiva.
- 3. O agresor é máis forte.
- 4. A vítima non adoita provocar e non sabe ou non pode defenderse.



# Que é e que non é

- **Maltrato é :**

- Cando un rapaz se mete con outro compañeiro insultándoo, burlándose, poñendo alcumes...
- Cando un grupo de alumnos lle din aos demais que non falen con outro rapaz para que non teña amizades.
- Cando nos pasillos, nos servizos, etc...hai un neno ou nena que “tropeza” sempre co mesmo compañeiro, lle atranca o paso cunha perna, poñendo o brazo...
- Cando alguén abusa da súa forza, e atemoriza a un ou máis compañeiros, ameazándoos se non fan o que quere: darlle o bocadillo, facerlle os deberes, deixarllos copiar...
- Cando un grupo de nenos e nenas espera premeditadamente na saída da escola a alguén para abusar del.

# Que é e que non é

- **Maltrato non é :**

- Insultar ocasionalmente no medio dunha rifa. (*É inalmisible, pero, se é de forma esporádica non podemos chamarlle maltrato*)
- Estar un día enfadado cun amigo ou con varios. (*Son esas cousas que se amañan entre nenos ...*)
- Tropezar sen querer e berrar : “¡aparta!” (*Non é de boa educación o correcto sería dicir “perdón”*)
- Copiar nos exames, alterar as clases con intervencións inadecuadas... (*Mal feito...*)
- Enfrontamentos entre dúas pandas nunha cidade, ou de dúas aldeas ou parroquias achegadas. (*Non está ben feito, é violencia innecesaria...*)



# FORMAS DE MALTRATO

	<b>FÍSICO</b>	<b>VERBAL</b>	<b>RELACIONAL</b>
<b><i>DIRECTO</i></b>	Patadas, puñazos, agresións con obxectos...	Vocear, burlarse, insultar, poñer alcumes,...	Exclusión de actividades, impedir a súa participación....
<b><i>INDIRECTO</i></b>	Esconder, cambiar de sitio, roubar... obxectos da vítima.	Falar mal ás súas costas, facerse oír “de casualidade”, pintadas, cartas, mensaxes ao móbil.	Deixar a vítima soa no patio, facer parellas ou grupos sen contar con esa persoa...

# ¿Cómo reconocer se un fillo... ...está sendo maltratado? (I)



- ¿Comenta que recibe insultos, burlas ou que falan mal del?
- ¿Chega á casa coa roupa, libros,...estragados ou rotos?
- ¿"Perde" a miúdo obxectos persoais ou diñeiro?
- ¿Mostra sinais de golpes, rabuños, feridas...?
- ¿Non quere ir ao colexio? ¿Pon desculpas para non ir ás clases ou quere que o vaian recoller?
- ¿Non ten ganas de comer?
- ¿Cambia de percorrido para ir ao centro ou de volta á casa?
- ¿Evita ir a algúns lugares?
- ¿Ten cambios no sono? ¿Empeza a durmir mal ou a ter pesadelos?



# ¿Cómo reconocer se un fillo... ...está sendo maltratado? (II)



- ¿Denota, a miúdo, un aspecto triste e infeliz? ¿Ten cambios repentinos de humor?
- ¿Está baixando o rendemento escolar?
- ¿Manifesta unha alta ansiedade e inseguridade?
- ¿Cústalle relacionarse con outras persoas? ¿Está perdendo amigos? ¿Estase quedando só?
- ¿Comeza a agredir ou a ameazar aos seus irmáns ou a outras persoas?

Se está sucedendo isto, o voso fillo precisa axuda. Escoitade con atención os seus problemas para intentar poñer remedio o antes posible...

# ¿Cómo reconocer se un fillo... ...é quen maltrata?



- ¿É agresivo, dominante, prepotente...? ¿Intimida ou maltrata a irmáns ou amigos?
- ¿Quere levar sempre a razón? ¿Impón as súas ideas pola forza?
- ¿Non respecta ás demais persoas? ¿Utiliza insultos e descualificacións?
- ¿Ten ataques de ira? ¿Non soporta contrariedades? ¿Reacciona violentamente se non consigue o que quere?
- ¿Nunca se pon no lugar doutras persoas?
- ¿Utiliza a intimidación e a violencia para acadar a lealdade dos compañeiros?
- ¿Ten dificultades para comunicar os seus sentimentos e afectos?
- ¿Gábase das súas actuacións violentas e xustifícaaas sempre?  
¿Nunca sente remordementos?
  - Se observades este tipo de actitudes no voso fillo, afrontar a situación, falar con el e axudarlle a saír da mesma

# ¿Cómo reconocer se un fillo...

## ...forma parte das persoas espectadoras do maltrato?



- ¿É unha persoa facilmente influenciábel e manexábel?
- ¿Réstalle importancia ás situacións de maltrato de compañeiros?
- ¿Non é solidario coas persoas maltratadas e non lles presta axuda?
- ¿Ponse algunha vez no lugar das vítimas?
- ¿Non alerta dos casos de maltrato que presenta na escola porque pensa que é chivar?
  - Se tedes un fillo nestas circunstancias, axudádelle a recoñecer que é espectador do maltrato, e que asiste pasivamente a unha situación de inxustiza

# ¿Cómo actuar... ...coas persoas maltratadas?(I)

Ter calma. Preguntar que está pasando. Saber escoitar.  
Confirmar. Iniciar accións...

- Tranquilizar, dar apoio e confianza.
- Preguntar onde se produce, quen está implicado, quen o viu, como actuou, se llo contou a alguén.
- Planificar conxuntamente estratexias, p. Ex.: (esquivar contacto con esas persoas, buscar protección entre os amigos, evitar lugares de risco...)
- Axudarlle emocionalmente, facerlle ver que non ten culpa.
- Dialogar moito con el e procurar que teña máis seguridade e aumente a autoestima.
- Non identificarse co sentimento de vitimización (que non pense que tedes medo e preferides calar. Isto pode agravar a situación).



# ¿Cómo actuar...

## ...coas persoas maltratadas?(II)

- Facerlle ver a necesidade de pedir axuda. Non pode sufrir en silencio.
- Vista a importancia e gravidade , informar ao centro, en especial ao titor. Intentarán poñer remedio con medidas de acción positivas.

Se o voso fillo é obxecto de maltrato, non debes utilizar a intimidación e a violencia contra as persoas maltratadoras, non incitedes ao voso fillo a solucionar os problemas por si mesmo e non intentedes arranxalo pola vosa conta. Mantede contacto co centro escolar, levade un seguimento da situación e participade activamente na intervención que se planifique. Durante o proceso de actuacións, solicitude que se manteña o anonimato.



# ¿Cómo actuar...

## ...coas persoas maltratadoras?(I)



Se detectades no voso fillo unha actitude maltratadora, tedes que axudarlle a afastarse desa situación.

- Mostrarlle a disconformidade co seu comportamento, pedirlle que abandone a súa conducta, que se poña no lugar da vítima. Iso estalle facendo dano e o abuso non lle permite ser feliz.
- Ofrecerlle apoio e confianza para saír desa situación. Facerlle ver que a violencia nunca é apropiada para resolver os conflitos. Entender o porqué non é xustificar...
- Preguntarlle onde, cando, frecuencia, quen está implicado...
- Solicitalle que rompa os seus vínculos coas persoas que participan tamén no maltrato.



# ¿Cómo actuar...

## ...coas persoas maltratadoras?(II)



- Establecer con el as correccións derivadas da súa conduta. Ensinarlle a asumir responsabilidades. Recompensalo se vai cambiando.
- Informar ao titor da situación. Demandar axuda e consello.
- Manter contacto estreito e continuado co centro escolar e participar nas intervencións que se planifiquen.

Preventivamente, tede en conta que a familia proporciona os primeiros modelos de comportamento e é decisiva na aprendizaxe e desenvolvemento de formas de relación interpersonal. Por iso se debe coidar o exemplo de relación familiar que se está a dar.

# ¿Cómo actuar...

## ...coas persoas que son testigos?

- Intentar, dialogando, que comprenda que o seu comportamento non é solidario; que sempre hai que axudar aos máis débiles.
- Pedirlle que abandone a súa conducta e que se poña no lugar da vítima.
- Instalo a que non cale e non ignore os efectos que produce a violencia exercida por alguén sobre outra persoa.
- Facerlle entender que, aínda que non participe dos actos directamente, está implicado moralmente, porque colabora a que estes feitos se sigan producindo.
- Axudarlle a contar os feitos ao profesorado do centro escolar. É un xeito de amparar a vítima e de contribuír á rápida rexeneración da persoa maltratadora, que tamén necesita axuda. Isto non é “chivarse”.



# PARA PENSAR

## Dez ideas falsas sobre o maltrato (I)

1. Só son bromas, cousas de nenos, é mellor non meterse.

**Non é certo**, maltratar non é facer bromas. Cando a vítima empeza a asustarse xa non é unha diversión.

2. A vítima búscalo, meréceo.

**Non é certo**. Ninguén merece ser vítima de maltrato. Iso é unha escusa para xustificar a agresión.

3. O maltrato forma parte do crecemento e imprime carácter.

**Non é certo**, aprender a afrontar as adversidades imprime carácter, pero o maltrato volve as vítimas desconfiadas, ansiosas, illadas, etc.

4. A mellor maneira de defenderse é devolvela.

**Non é certo**. Devolver a agresión reforza a idea de que a violencia é aceptable e o único medio para resolver os conflitos. Isto empeora a situación, xa que se utiliza esta reacción como escusa para xustificar novas agresións.

# PARA PENSAR

## Dez ideas falsas sobre o maltrato (II)

5. O maltrato é cousa de rapaces.

**Non é certo.** As conductas inadecuadas ou contrarias á convivencia na infancia e na adolescencia xeran persoas adultas incapaces de convivir axeitadamente, aínda coa xente máis querida.

6. Só agreden as persoas que teñen problemas familiares ou que viven en ambientes marxinais.

**Non é certo.** Demostrouse que se dá en todos os centros e en todos os niveis socioeconómicos.

7. As vítimas son persoas febles e débiles.

**Non é certo.** A vítima pode ser calquera, xa que as persoas que agreden utilizan calquera desculpa para xustificar a súa agresión. As vítimas adoitan ser máis pacíficas, máis tranquilas... E, dende logo, non lles gusta o que padecen.

# PARA PENSAR

## Dez ideas falsas sobre o maltrato (e III)

8. Cando dous pelexan máis vale non meterse e manterse nunha posición neutral.

**Non é certo.** É necesario tratar de parar a pelexa ou buscar un adulto que axude.

9. As vítimas son persoas cobardes.

**Non é certo.** Unha persoa que foi humillada e insultada seguramente non poderá defenderse ela soa. Pedir axuda é un acto de valentía pola súa parte.

10. Só a vítima precisa axuda.


**Non é certo.** Precisan axuda a vítima e os agresores, aínda que de maneira diferente. Tanto uns como os outros deben atopar quen lles ofrezca alternativas ao seu comportamento.

# Algúns consellos para contribuír a educar fillos con personalidade equilibrada (I)

Educar os fillos é a nosa responsabilidade, pero non é doado. Cambios tecnolóxicos, culturais, de hábitos, evolutivos..., provocan contradicións e confusións entre nós, que necesitamos revisar constantemente as nosas posturas. Algunhas consideracións, resumidamente, a ter en conta para que os fillos acaden unha personalidade máis equilibrada :

**Implicarse na súa educación, proporcionándolles modelos positivos** (Os adultos somos espellos nos que se miran os nenos. Manter boas relacións familiares, resolver de xeito amigable os conflitos, sen violencia...)

**Falar cada día cos fillos:** Diálogo para resolver diferencias e afrontar conflitos. Dedicarlles tempo, actividades conxuntas, escoitar as súas opinións, intereses, que se expresen, axudarlles a aprender a reflexionar...






# Algúns consellos para contribuír a educar fillos con personalidade equilibrada (II)

**Darles a oportunidade de construír novas amizades:** preguntar polas relacións cos amigos, respectando a súa intimidade. Querer coñecelos, que os inviten á casa...

**Axudarlles a facer fronte aos problemas:** Para que teñan respostas axeitadas no caso de que os molesten ou agredan, desaconsellar actitudes de vinganza, provocacións ou insultos. Ensinar a controlar a propia conducta, incrementando a autonomía.


**Ensinarlles a protexerse:** Pequenas estratexias (ir co grupo e non quedar só, saber dicir “non” con firmeza, fuxir dos sitios de perigo, previr posibles intimidacións ou presións...)

**Fomentar hábitos saudables:** De hixiene, sono, alimentación, actividade física. Que teñan algunha afección, implicarse en actividades que desenvolvan habilidades valoradas polos demais da súa idade, facer cousas en grupo (saidas, deportes...)



# Algúns consellos para contribuír a educar fillos con personalidade equilibrada (III)

**Controlar o tempo libre e de lecer:** Sobre todo contidos de videoxogos e programas de TV (ás veces son violentos, racistas e sexistas, reforzan a idea da forza como solución aos problemas e de que os máis febles perden...). Non prohibir senón comentar criticamente os contidos, dar alternativas... Vixiar o tempo que están no ordenador (por onde navegan, que chats visitan...).



**Definir unhas normas claras :** Poucas, as imprescindibles. Explicar, argumentando, o que está permitido e o que non. Aplicalas e facelas cumprir sempre con actitude firme (exercer autoridade persuasiva cando son máis pequenos e dando participación cando van sendo maiores). Disciplina consistente, trato agradable nas formas e constructivo no contido. Educar en liberdade, respectando os seus dereitos, pero esixindo o cumprimento dos seus deberes e pedindolles responsabilidade na súa conduta.

# Algúns consellos para contribuír a educar fillos con personalidade equilibrada (e IV)

**Implicarse na súa educación escolar:** Contacto coa escola, asistir ás reunións, apoiar o centro e o profesorado. Se hai dúbidas, falalas co profesorado pero nunca desautorizalo diante do voso fillo. Estimular para levar a cabo as actividades de estudo, respectar as normas do centro,...

**Adestrar a educación da vontade:** Potenciar o tesón, empeño, firmeza e disciplina persoal para conseguir os fins propostos. Que aprendan a marcarse metas realistas persoal, escolar e socialmente, con ilusión pola súa consecución.

En resumo, **educar en valores de respecto e tolerancia :** Coidar o crecemento emocional para axudarlles a empatizar cos sentimentos das demais persoas. Educar para a tolerancia, con forte compromiso ante as condutas violentas, racistas, xenófobas, discriminatorias..., e potenciar valores positivos : xustiza, igualdade e solidariedade entre as persoas.

